

PAXARO AMIGO: MÚSICAS PARA A PAZ


Unha produción de Mamá Cabra

ESPECTÁCULO MÚSICO-TEATRAL PÚBLICO FAMILIAR 55MIN



 **Urdime**
PROPOSTAS CULTURAIS

www.urdime.net | 981 937 424 | 619 92 03 35 | 698 132 935



MAMÁ CABRA:

Mamá Cabra é un grupo musical con quince anos de traxectoria sobre os escenarios, a formación leva achegando ó público familiar cancións en galego desde o seu nacemento ate a actualidade. Gloria Mosquera despois de ler o poema 'Timoteo' do libro 'Rimas con letras' emocionada e ilusionada toma unha decisión: Encher o mundo de notas musicais, de cores vivas con cheiro a campo verde, de sons máxicos que darán vida a historias máxicas, como a da cabritiña que medrando será mamá e será xa para sempre e xa por moitas xeracións a nosa Mamá Cabra, a referencia da música infantil en galego.

Ao longo destes anos Gloria acompañada de moitos artistas apaixonados medrou ao carón dos máis cativos e cativas, con cancións que ao longo destes anos quedaron nas nosas memorias, mais a produción musical continúa. A súa traxectoria veuse recoñecida nos últimos anos sendo merecedora de numerosos premios:

Á Mellor canción en galego nos X Premios de la Música da Academia de las Artes y las Ciencias de la Música co seu tema 'Tan só con leres un libro' no que Gloria continúa a súa labor, que mantén ó longo de toda a súa carreira, de fomento da lectura entre o público infantil.

Foi tamén a formación gañadora na Categoría de Música Infantil dos I Premios Galegos da Música no ano 2013.

O ESPECTÁCULO:

PAXARO AMIGO É un espectáculo no que o teatro e a música xogan xuntos a contar a historia dun ornitólogo que anda a procura dun "paxaro perdido, raro, en extinción". Fuxe das guerras, fuxe da xente e atopa nos seus paxaros un recuncho de amor e paz. Polo camiño atopa a unha muller misteriosa que a través das súas cancións vai entrando no corazón do ornitólogo, e xuntos descubrirán que: "a paz non hai que buscala nin no ceo, nin nas árbores, nin alén dos mares, a paz está dentro de cada persoa, e cos coidados necesarios crece cada día dentro de nós. Nas cancións hai mensaxes de compartir, de dar abrazos, beixos e apreixóns; de como "mola a amizade", e a través delas imos abrindo os camiños da paz ...

As letras das cancións son de Carmen Gil, recoñecida autora a nivel nacional, as músicas de Gloria Mosquera, Mamá Cabra, e están recopiladas xunto con un conto no libro-CD: A bruxa Discordia. Cancións para a paz, editado por Galaxia.

Gloria Mosquera: Voz, guitarra
Tomi López: Baixo
Diego Maceiras: Teclado e acordeón
Harry Prince: Violín
Luís Iglesias "Luchi": Actor
Pepablo Patiño: guión e dirección

<https://youtu.be/pQtjElxGi2M>